

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CBARG01	Artes Gráficas	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3127	Operacións de produción gráfica	2018/2019	6	157	157
MP3127_12	Operacións auxiliares de produción gráfica	2018/2019	6	102	102
MP3127_22	Operacións de alimentación de consumibles e soportes gráficos	2018/2019	6	55	55

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA GAYOL GONZÁLEZ, LAURA CALVIÑO FACAL (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación didáctica correspóndese co módulo formativo Operacións de produción gráfica do curso de 2.º de FP Básica de Artes Gráficas que se imparte no CIFP Compostela, en Santiago de Compostela. Na área de influencia de Santiago deberíamos falar de, cun radio de aproximadamente 30 kms., atópanse o 60% das industrias de Artes Gráficas de Galicia, e gran parte delas adaptadas para este ciclo de FP Básica.

Na actualidade o CIFP Compostela conta con moitas empresas, que colaboran ou colaboraron acollendo alumnas/os para a realización do módulo de formación en centros de traballo (FCT). Dentro destas, temos empresas con actividades: editoriais, publicidade, deseño gráfico, prensa, rotulación, talleres de preimpresión e imprentas e outras máis pequenas de impresión dixital de pequeno e gran formato e reprografía.

A tipoloxía do alumnado é moi heteroxénea ao ter distintas procedencias xeográficas, normalmente nun entorno no que se mesturan a orixe rural e a urbana, e con distintas vagaxes culturais.

O desenvolvemento deste módulo faise en 157 unidades lectivas de 60 minutos, distribuídas en 6 sesións semanais ao longo do curso.

Este módulo dispón de dúas unidades formativas:

- Operacións de alimentación de consumibles e soportes gráficos con 55 horas.
- Preparación da máquina para a impresión e os acabamentos con 102 horas.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Monta de elementos intercambiáveis en máquinas que interveñan na produción gráfica	Montar elementos intercambiáveis en máquinas ou equipamentos dentro da produción gráfica, realizando en condicións de seguridade operacións simples para a súa colocación, a súa substitución, a súa montaxe e/ou o seu axuste, de acordo coas instrucións establecidas.	35	15
2	Control de calidade no produto	Realiza operacións auxiliares de verificación e control de calidade do produto en proceso, aplicando técnicas de mostraxe predefinidas para a identificación de anomalías e as incidencias, mediante comparación visual.	20	10
3	Posta a punto de instalacións, máquinas e ferramentas utilizadas nos procesos gráficos	Colabora na posta a punto de instalacións, máquinas e ferramentas utilizadas nos procesos gráficos, realizando en condicións de seguridade, saúde e protección ambiental as operacións rutineiras de limpeza e de mantemento de primeiro nivel.	47	25
4	Alimentación de consumibles en máquinas ou equipamentos de produción gráfica	Identificar e recoñecer a necesidade de reposición de consumibles en máquinas	27	25
5	Abastecemento de soportes en máquinas ou equipamentos de produción gráfica	Farase un abastecemento do material necesario para a tirada, previo á súa entrada nas máquinas, e analizarase o sistema de alimentación da máquina	28	25



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Monta de elementos intercambiables en máquinas que interveñan na produción gráfica	35

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Monta elementos intercambiables en máquinas ou equipamentos de produción gráfica, realizando en condicións de seguridade operacións simples para a súa colocación, a súa substitución, a súa montaxe e/ou o seu axuste, de acordo coas instrucións establecidas	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as tarefas comúns que se realizan nos cambios de formato, parada e arranque de máquinas e equipamentos de produción gráfica
CA1.2 Identifícanse os utensilios e as ferramentas de uso frecuente nas operacións básicas (alimentación de materiais, asistencia, montaxe, axustes, etc.)
CA1.3 Relaciónanse coa súa función os elementos básicos extraíbles e intercambiables das máquinas e dos equipamentos
CA1.4 Montáronse elementos simples (baixapuntas, barras verticais, rodas, poleas e guías), axustándoos de acordo coa natureza do material con que se vaia traballar
CA1.5 Montáronse elementos extraíbles (peites de fendedura, perforación e corte, barras verticais, e discos de corte, fendedura, furada e perforación), axustándoos de acordo coa natureza do material con que se vaia traballar
CA1.6 Identifícanse os mandos e os manexadores máis comúns nas operacións básicas en máquinas e equipamentos de produción gráfica, recoñecendo a súa funcionalidade e as variacións que se poden producir mediante o seu axuste ou a súa modificación
CA1.7 Identifícanse os riscos que supón a manipulación dos materiais, dos produtos e dos equipamentos empregados
CA1.8 Utilizáronse os equipamentos de protección individual para as operacións de montaxe, axuste e desmontaxe de elementos de máquinas e equipamentos

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Operacións auxiliares de axuste para o cambio de formato e de produto en máquinas e equipamentos de produción gráfica.
Identificación dos manexadores básicos das máquinas e dos equipamentos de produción.
Elementos básicos intercambiables (rodas, poleas, guías, plecas, baixapuntas, etc.).
Ferramentas e utensilios necesarios.
Instrucións técnicas de uso e manexo de equipamentos.
Operacións comúns de posta en marcha, parada, cambios de formato, montaxe e axuste de elementos intercambiables.
Aplicación de medidas preventivas de seguridade e saúde laboral nas operacións de montaxe e axuste de elementos de equipamentos de produción gráfica. Equipamentos de protección individual.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Control de calidade no produto	20

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza operacións auxiliares de verificación e control de calidade do produto en proceso, aplicando técnicas de mostraxe predefinidas para a identificación de anomalías e as incidencias, mediante comparación visual	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as anomalías máis comúns que se producen nos produtos gráficos durante o seu procesamento, identificando as súas posibles causas
CA2.2 Interpretáronse ordes de traballo tipo, identificando os parámetros de calidade que cumpra controlar durante a produción, así como os métodos de mostraxe propostos
CA2.3 Indicáronse as desviacións de calidade producidas durante un proceso gráfico, ordenándoas pola súa frecuencia e polo nivel de influencia que ten sobre a calidade do produto
CA2.4 Identifícanse as posibles diferenzas entre o produto elaborado e a mostra autorizadas por medio da observación e comparación visual
CA2.5 Descríbense as características das posibles desviacións en relación ao ton, ás dimensións, á estrutura e á conservación
CA2.6 Rexistráronse os datos da mostraxe nunha ficha de traballo e anotouse o tipo de control, o número de mostraxe e a orde do exemplar na tiraxe

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Operacións auxiliares de limpeza e mantemento nas máquinas e nos equipamentos de produción gráfica.
Elementos de control. Fases de control: recepción de materiais, procesos e produtos; variables de calidade.
Anomalías habituais no procesamento dos produtos gráficos.
Instrucións técnicas de limpeza e mantemento.
Manuais técnicos de máquinas e equipamentos de produción gráfica.
Operacións de limpeza en máquinas e equipamentos de produción gráfica.
Plans e procedementos de limpeza e de mantemento preventivo e correctivo.
Ferramentas, utensilios e produtos relacionados.
Fichas de mantemento.
Aplicación de medidas preventivas de seguridade e saúde laboral.
Control de calidade: conceptos que interveñen.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Posta a punto de instalacións, máquinas e ferramentas utilizadas nos procesos gráficos	47

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Colabora na posta a punto de instalacións, máquinas e ferramentas utilizadas nos procesos gráficos, realizando en condicións de seguridade, saúde e protección ambiental as operacións rutineiras de limpeza e de mantemento de primeiro nivel establecidas	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os procedementos de mantemento, limpeza e engraxamento, así como os medios, os métodos e a periodicidade de aplicación indicados en plans de mantemento tipo
CA3.2 Recoñeceuse visualmente o estado en que quedan unhas máquinas logo do seu uso, e recolle nunha ficha as deficiencias identificadas canto a limpeza e disposición de ferramentas, produtos e utensilios
CA3.3 Descríbense as operacións de limpeza máis comúns que deben realizarse en máquinas e equipamentos de produción gráfica, diferenciando as operacións diarias e as periódicas
CA3.4 Identifícanse as operacións de mantemento de primeiro nivel que deben realizarse, e clasifícanse pola súa periodicidade
CA3.5 Seleccionáronse, utilizáronse, acondicionáronse e almacenáronse segundo os procedementos establecidos as ferramentas e os utensilios de limpeza e mantemento de primeiro nivel (chaves fixas, desaparafusadores, aceiteiras, engraxadoras, sopradores de aire comprimido, etc.)
CA3.6 Identifícanse os elementos das máquinas que requiren operacións de limpeza e mantemento
CA3.7 Cubríronse fichas de mantemento, indicando a data, as operacións realizadas, as pezas ou os elementos substituídos e outros datos salientables
CA3.8 Aplicáronse os protocolos de actuación en relación ao tratamento dos residuos producidos
CA3.9 Utilizáronse os equipamentos de protección individual para a limpeza e o mantemento das instalacións, máquinas e ferramentas de produción gráfica

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Plans de mantemento.
Procedementos de mantemento, limpeza e engraxamento.
Elementos das máquinas susceptibles de mantemento e limpeza.
Operacións de limpeza. Limpeza diaria e limpeza periódicas.
Formalización de fichas de mantemento e limpeza. Identificación das operacións realizadas.
Aplicación de medidas preventivas de seguridade e saúde laboral no mantemento de equipamentos de instalacións, máquinas e ferramentas para a produción gráfica. Equipamentos de protección individual.
Tratamento de residuos nas operacións de mantemento e limpeza.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Alimentación de consumibles en máquinas ou equipamentos de produción gráfica	27

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Alimenta con consumibles máquinas ou equipamentos de produción gráfica, realizando en condicións de seguridade operacións rutineiras de comprobación, enchedura e/ou reposición de acordo coas instrucións de traballo establecidas	SI

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os dispositivos que interveñen máis comunmente na alimentación e no abastecemento de consumibles en máquinas e equipamentos
CA1.2 Recoñécense os consumibles máis utilizados en máquinas e equipamentos de produción gráfica (colas, tintas, siliconas ou aditivos, clasificándoos pola súa natureza e polo seu grao de actuación sobre o material ou o produto que se vaia realizar
CA1.3 Relaciónanse os consumibles co funcionamento das máquinas e dos equipamentos, describindo o método de aplicación, así como as ferramentas e os utensilios necesarios
CA1.4 Interpretáronse as fichas técnicas de consumibles e describíronse as recomendacións de manexo, preparación e manipulación destes en relación coa súa temperatura, o pH, a condutividade, a tensión superficial, a fluidez, a rixidez, etc
CA1.5 Relaciónouse a necesidade de reposición de consumibles en máquinas e equipamentos de produción gráfica coa capacidade de produción destas, para manter a operatividade e a produtividade
CA1.6 Preparáronse os materiais e os consumibles nas condicións apropiadas para a súa alimentación, o seu abastecemento ou a súa reposición, segundo as indicacións recibidas
CA1.7 Realizouse a alimentación, o abastecemento ou a reposición dos consumibles líquidos e sólidos, operando cos utensilios axeitados (espátulas, vasos, cazos, embudes, transvasadores de líquidos, aspiradores, etc.)
CA1.8 Identifícanse os protocolos de actuación en relación co tratamento dos residuos producidos
CA1.9 Utilizáronse os equipamentos de protección individual relacionados co manexo de consumibles para máquinas ou equipamentos de produción gráfica

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Alimentación e saída de soportes e produtos gráficos elaborados e semielaborados en máquinas e equipamentos de produción gráfica.
Identificación de soportes. Papel en prego e en bobina, cartón, complexos e outros soportes.
Características dos sistemas de alimentación e saída en máquinas de produción gráfica.
Acondicionamento de materiais: aireación e igualación.
Verificación de produtos gráficos para procesos de calidade.
Aplicación de medidas preventivas de seguridade e saúde laboral no manexo de consumibles e equipamentos de produción gráfica. Equipamentos de protección individual.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Abastecemento de soportes en máquinas ou equipamentos de produción gráfica	28

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Abastece de soportes, produtos semielaborados ou outros materiais, máquinas ou equipamentos de produción gráfica, realizando en condicións de seguridade operacións de transporte, acondicionamento e alimentación, de acordo coas instrucións de traballo establecidas	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os materiais e os produtos utilizados nas máquinas e nos equipamentos de produción gráfica en relación co xeito e coas condicións de almacenamento e de acondicionamento que requiran (tipo de empillamento, desenvoltura, despegado, aireación, igualación, etc.)
CA2.2 Identifícanse áreas no contorno das máquinas e dos equipamentos de produción gráfica apropiadas para o aprovisionamento e a evacuación dos produtos elaborados ou semielaborados
CA2.3 Compróbase o estado de idoneidade de diferentes materiais (bobinas, moreas de papel e cartón, etc.)
CA2.4 Realízase o acondicionamento do material previo á súa entrada nas máquinas e nos equipamentos de produción (peladura de bobinas e a apertura de maculaturas de resmas, entre outras operacións)
CA2.5 Identifícanse os sistemas de alimentación das máquinas e dos equipamentos de produción gráfica, tendo en conta a relación da súa capacidade, dos métodos de alimentación, do tamaño e da velocidade cos materiais utilizables
CA2.6 Identifícanse os equipamentos de recepción e evacuación de produtos, valorando a súa capacidade pola súa tipoloxía, en función do tamaño, as características da carga, etc
CA2.7 Acondicionouse o soporte ou outro material segundo a súa natureza e en función da tipoloxía dunhas máquinas ou uns equipamentos dados
CA2.8 Adoptáronse as medidas de seguridade relacionadas coas operacións de transporte, acondicionamento e alimentación de soportes, produtos semielaborados ou outros materiais, en máquinas ou equipamentos de produción gráfica

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Aprovisionamento de consumibles en máquinas e equipamentos de produción gráfica.
Identificación de consumibles (cola, tinta, tóner, silicona e aditivos): natureza e características.
Preparación e acondicionamento de consumibles: características.
Reposición de consumibles. Mantemento da operatividade en máquinas e equipamentos de produción.
Aplicación de medidas preventivas de seguridade e saúde laboral nas operacións de abastecemento de equipamentos de produción gráfica. Equipamentos de protección individual.





## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación será sempre continua e non só sobre o aprendizaxe dos alumnos/as, senón tamén sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe: os obxectivos da unidade didáctica, os contidos expostos, os propios criterios de avaliación, os materiais didácticos e o propio profesor a través da súa programación.

A avaliación será recuperadora, considerando a cualificación da última avaliación do curso como a cualificación de toda a materia, tendo a posibilidade de recuperación, no caso de suspenso antes de finalizar o ciclo. A avaliación adoita facerse coa realización de probas escritas, cuestións obxectivas (preguntas test, cálculo, relacións, conceptos...) indicando a materia sometida a avaliación e a valoración cuantitativa de cada cuestións, e probas prácticas que determinen as capacidades adquiridas polo alumnado.

A cualificación global realizarase unha vez comprobada a entrega de tódolos traballos propostos, incluíndo os titoriais, estes serán idénticos aos realizados na aula polo mestre. Unha vez certificada a entrega dos traballos, procederase do seguinte xeito:

Capacidades Procedementais (exámenes prácticos): .....: 20 % da nota.

Contidos Conceptuais (teoría).....: 30 % da nota.

Exercicios prácticos e traballos.....: 40 % da nota.

Actitudes.....: 10 % da nota.

O mínimos que ten que cumprir o alumno para poder aprobar o módulo están expresados en cada unidade didáctica desta programación.

Tendo que ser o cumprimento na súa totalidade.

Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva:

- Descríbóronse as tarefas comúns que se realizan nos cambios de formato, parada e arranque de máquinas e equipamentos de produción gráfica
- Identifícaronse os utensilios e as ferramentas de uso frecuente nas operacións básicas (alimentación de materiais, asistencia, montaxe, axustes, etc.)
- Relacionáronse coa súa función os elementos básicos extraíbles e intercambiáveis das máquinas e dos equipamentos
- Montáronse elementos extraíbles (peites de fendedura, perforación e corte, barras verticais, e discos de corte, fendedura, furada e perforación), axustándoos de acordo coa natureza do material con que se vaia traballar
- Identifícaronse os riscos que supón a manipulación dos materiais, dos produtos e dos equipamentos empregados
- Utilizáronse os equipamentos de protección individual para as operacións de montaxe, axuste e desmontaxe de elementos de máquinas e equipamentos
- Descríbóronse as anomalías máis comúns que se producen nos produtos gráficos durante o seu procesamento, identificando as súas posibles causas
- Indicáronse as desviacións de calidade producidas durante un proceso gráfico, ordenándoas pola súa frecuencia e polo nivel de influencia que ten sobre a calidade do produto
- Identifícaronse as posibles diferenzas entre o produto elaborado e a mostra autorizadas por medio da observación e comparación visual
- Recoñeceuse visualmente o estado en que quedan unhas máquinas logo do seu uso, e recolle nunha ficha as deficiencias identificadas canto a limpeza e disposición de ferramentas, produtos e utensilios
- Descríbóronse as operacións de limpeza máis comúns que deben realizarse en máquinas e equipamentos de produción gráfica, diferenciando as operacións diarias e as periódicas



- Seleccionáronse, utilizáronse, acondicionáronse e almacenáronse segundo os procedementos establecidos as ferramentas e os utensilios de limpeza e mantemento de primeiro nivel (chaves fixas, desaparafusadores, aceiteiras, engraxadoras, sopradores de aire comprimido, etc.)
- Identificáronse os elementos das máquinas que requiren operacións de limpeza e mantemento
- Aplicáronse os protocolos de actuación en relación ao tratamento dos residuos producidos
- Utilizáronse os equipamentos de protección individual para a limpeza e o mantemento das instalacións, máquinas e ferramentas de produción gráfica
- Relacionáronse os consumibles co funcionamento das máquinas e dos equipamentos, describindo o método de aplicación, así como as ferramentas e os utensilios necesarios
- Interpretáronse as fichas técnicas de consumibles e describíronse as recomendacións de manexo, preparación e manipulación destes en relación coa súa temperatura, o pH, a condutividade, a tensión superficial, a fluidez, a rixidez, etc
- Preparáronse os materiais e os consumibles nas condicións apropiadas para a súa alimentación, o seu abastecemento ou a súa reposición, segundo as indicacións recibidas
- Realizouse a alimentación, o abastecemento ou a reposición dos consumibles líquidos e sólidos, operando cos utensilios axeitados (espátulas, vasos, cazos, embudes, transvasadores de líquidos, aspiradores, etc.)
- Comprobouse o estado de idoneidade de diferentes materiais (bobinas, moreas de papel e cartón, etc.)
- Realizouse o acondicionamento do material previo á súa entrada nas máquinas e nos equipamentos de produción (peladura de bobinas e a apertura de maculaturas de resmas, entre outras operacións)
- Identificáronse os sistemas de alimentación das máquinas e dos equipamentos de produción gráfica, tendo en conta a relación da súa capacidade, dos métodos de alimentación, do tamaño e da velocidade cos materiais utilizables
- Identificáronse os equipamentos de recepción e evacuación de produtos, valorando a súa capacidade pola súa tipoloxía, en función do tamaño, as características da carga, etc
- Acondicionouse o soporte ou outro material segundo a súa natureza e en función da tipoloxía dunhas máquinas ou uns equipamentos dados

De acordo aos mencionados mínimos esixibles establécense os seguintes criterios de cualificación:

- O 40% da cualificación será a obtida nos traballos ou exercicios prácticos, a cal se obterá a partir das actividades propostas no aula.
- O 20% da nota corresponderá a un exame práctico.
- O 30% da cualificación será obtida a través de probas escritas, tipo test mediante o desenvolvemento de preguntas ou temas, é dicir, exame teórico.
- O 10% da cualificación corresponderá á actitude, entendendo esta como:

- \* Atención na clase. Resposta ás indicacións suxeridas polo profesor/a.
- \* Medida como grao de cumprimento.
- \* Puntualidade, tanto na asistencia ás clases como no respecto aos prazos establecidos para a realización dos traballos.
- \* Participación activa, atendendo a capacidade individual. Medida como grao de cumprimento.

O mínimo esixible será de 5 sobre 10 para alcanzar a avaliación positiva.

Nas probas escritas e prácticas farase media sempre que polo menos un dos apartados teña un mínimo de 5 sobre 10.

A non presentación das actividades en tempo e forma suporá unha penalización de 1 punto.

Para acadar a avaliación positiva do Modulo deberanse ter entregadas o 100% das actividades propostas no aula.



## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A programación didáctica adaptarase ás necesidades do alumnado. O profesor coordinará a programación e realizará o seguimento diario da súa aplicación, especialmente nos exercicios ou cuestións prantexadas. Tamén terase en conta as observacións que o resto de docentes fagan nas reunións de ciclo e/ou nas sesións de avaliación.

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto os diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno/a e ofrécense os recursos básicos coa fin de facilitar as aprendizaxes dos alumnos/as en función das súas necesidades concretas.

Proponse dúas actividades, secuenciadas no tempo para acadar os obxectivos dentro de cada unha das unidades didácticas:

- A primeira, común para todos os alumnos/as, é a de resolver un cuestionario, realizar unha práctica ou ambas opcións co fin de assimilar os contidos e desenvolver as destrezas mínimas da unidade didáctica.

- A segunda propónse dependendo de si os alumnos/as acadaron os contidos mínimos ou non:

· No caso de acadar os mínimos esixidos, poderán realizar outro exercicio máis complexo para profundizar nos coñecementos.

· Os alumnos/as que non alcanzaron os contidos mínimos ao mesmo tempo que os anteriores, terán que realizar outro exercicio cos contidos máis detallados, recalcando aqueles conceptos menos claros, e se é posible incluíndo exemplos do contorno (aula, centro, casa...) para que o alumno/a sexa capaz de conseguir a fin proposta.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado de FP Básica, segundo o disposto na Orde do 13 de xullo de 2015, non ten perda de dereito á avaliación continua, polo que se acorda que as faltas de asistencia poderán ser consideradas na cualificación do mesmo; establecendo, con carácter xeral, o seguinte:

1.- Para aquel alumnado que supere o 15% de faltas de asistencia de xeito continuado a un determinado módulo, con respecto á duración total do mesmo:

- Outorgarlle unha cualificación final cun peso diferente a do resto do alumnado, sendo este peso dun 30% menos sobre a cualificación final obtida.

- Non se contemplará para este alumnado a realización de probas parciais, debendo reaslizar unha única proba final teórico - práctica baseada no realizado, segundo programación, ao longo do curso. Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo unha cualificación de 5 puntos.

2.- Para aquel alumnado no que a súa falla de asistencia non supere o 5% de horas do módulo por trimestre descontáraselle na avaliación parcial de módulos, no apartado correspondente á cualificación actitudinal, ata un total de 0,5 puntos; podendo seguir sendo avaliado de forma parcial ao longo do curso, sempre e cando non incorra no establecido no apartado 1.

Terase en conta, para este segundo caso que, a pesares que o alumno ou alumna supere o 15% total de faltas de asistencia do módulo ao final do curso, se esta ausencia non se produce de xeito continuado e se mantén dentro dun límite razoable, non se aplicará o sinalado no apartado 1.

En todo caso cada docente, na súa programación de módulo, establecerá as concreción que considere oportunas, sempre dentro do establecido no Regulamento de Réxime Interior (RRI) e sen que implique unha desviación significativa respecto do indicado neste acordo xeral do equipo docente.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

- Considérase que a avaliación da práctica docente, permite recoller información válida sobre os resultados da acción educativa, é indispensable valorala para que os seus datos sirvan para incentivar ao alumnado.

- Aínda que non hai unha metodoloxía específica para a avaliación docente, o profesor debe identificar as necesidades do alumnado e formular unha serie de preguntas: cómo aprende mellor e rende máis o alumno? con qué se cansa? qué axuda necesita? qué novos estímulos son

necesarios?

- Unha vez feitas, débese reflexionar e tomar decisións sobre a adecuación ou non das actividades realizadas, e sobre a eficacia da metodoloxía e recursos tanto persoais como materiais empregados.
  - Mellorar o proceso de ensinanza, modificar o plan de actuación deseñado na programación, programar actividades de reforzo específico e introducir os mecanismos de corrección adecuados, son os obxectivos que se perseguen.
  - Como ferramentas para a concreción dos obxectivos cóntase con varios métodos:
  - Por un lado coa observación, esta é un método de investigación, utilízase con moita frecuencia na maioría dos modelos de avaliación das labores académicas do docente.
  - Compartir experiencias formais e informais cos meus compañeiros para a solución de problemas conxuntos.
  - Lista de control, escala o cuestionario completado polo alumnado.
  - É importante coñecer a situación de partida dos alumnos, detectar as dificultades que xurdan e valorar os resultados obtidos.
- Entregarase o seguimento da programación proporcionado pola plataforma mensualmente ao xefe de departamento

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Proba escrita para saber os coñecementos previos dos alumnos

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Realización de exercicios de reforzo

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Entre os contidos da programación hai temas indispensables para a formación de profesionais, pero sobre todo, debe de haber actitudes e valores. Trátase de que os alumnos reflexionen sobre valores humanos esenciais e compartan as súas ideas cos seus compañeiros, amigos, profesores,...

A educación en valores comprende unha serie de ensinanzas que se deberán apoiar, facendo incapé no fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais, é básico que nos equipos de traballo se potencie un ambiente de cordialidade e cooperación, preservando as diferenzas culturais dos individuos. Esta educación en valores pode abarcar os seguintes ámbitos:

- Educación moral e cívica
- Educación para a paz
- Educación para a saúde
- Educación sexual
- Educación ambiental
- Educación do consumidor

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Levaranse a cabo as actividades que considere oportunas o Dpto.